- Importe a incorporar: 25.000,00 €

3. Edifícios e outras construcións. Melloras.

- Aplicación: 22/413.4123.632.03
- Importe a incorporar: 30.000,00 €

Asinado e datado dixitalmente



BEB

EXPEDIENTE	2022006319
ASUNTO	MODIFICACIÓN ANEXO II BASES ORZAMENTO DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2022
TRÁMITE	MODIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022

1º.- No Anexo II das Bases de Execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022, figura como subvención nominativa con cargo a este servizo xestor a seguinte:

APLICACIÓN	BENEFICIARIA	IMPORTE	FINALIDADE
231.2313.48002	ESPERANZA SALNÉS CIF G36282184	10.000 €	Programas de intervención terapéutica

2º.- Con data 20 de decembro de 2021, a través de instancia xenérica con número de rexistro WEB2021049150, presenta a documentación necesaria para xustificar a subvención concedida no exercicio 2021 e achega o acordo de disolución da entidade de data 26 de novembro de 2021, adoptado por unanimidade, segundo o establecido no artigo 46 dos seus estatutos. (Expediente CIVIDAS 2021007628)

3º.- Có fin de continuar coa asistencia económica ás entidades que desenvolven a súa labor na provincia de Pontevedra, e promover o emprego inclusivo das persoas con discapacidade, a proposta de deputada delegada de Cohesión Social, **SOLICÍTASE** a modificación do Anexo II-Subvenciones Nominativas do Servizo de Cohesión Social, substituíndo a prevista inicialmente para a entidade Esperanza do Salnés, pola seguinte:

APLICACIÓN: 22/231.2313.48002

BENEFICIARIA	CIF	IMPORTE	FINALIDADE
FUNDACION PARA A DISCAPACIDADE E EMPREGO JUAN XXIII	G36551828	10.000 €	NATURA XXIII: PROXECTO DE FOMENTO DO EMPREGO EN ACTIVIDADES MEDIO AMBIENTAIS

Asinado dixitalmente na marxe



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Aprobado definitivamente o orzamento provincial consideramos que se deben modificar as seguintes aplicacións:

- 1.- Subvención nominativa para a Asoc. Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas (CIF: G-36.350.015) na aplicación 22/330.3340.489.05 por un importe de 8.500,00 € para a "Realización V Certame de recolla das imaxes do patrimonio"
- 2.- Subvención nominativa para a Fundación Penzol (CIF: G-36.623.171) na aplicación 22/330.3340.489.05 por un importe de 9.000,00 € para a "Exposición María do Carme Kruckenberg"
- 3.- Existindo consignación na aplicación 22/330.3360.762.01, incluír unha subvención nominativa a favor do Concello do Grove (CIF: P-3602200-B) para a "*Adquisición dunha escultura conmemorativa dun Equus asinus como eixe vertebrador do patrimonio inmaterial que simboliza a lenda do descubrimento das augas termais da illa da Toxa*", por un importe de 24.000,00 €
- 4.- Patrocinios audiovisuais, na aplicación 22/330.3340.226.09 figura un importe de 75.000,00 €, incrementar 15.000,00 €
- 5.- Na aplicación 22/330.3340.226.09, incluír 18.000,00 € para a adquisición de libros a editoriais da provincia de Pontevedra que publiquen en galego.
- 6.- Na aplicación 22/330.3340.226.30 (Musigal) figura un importe de 500.000,00 €, incrementar en 100.000,00 €.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe



ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2022.**CÓDIGO EXPEDIENTE: 2022006319**

Primeiro.- Un dos obxectivos principais do Museo Pontevedra para este exercicio 2022 é a consolidación, restauración, posta en valor e interconexión dos edificios Castro Monteagudo, García Flórez , así como levar a cabo os estudos previos e a posible incorporación do convento de Santa Clara.

Segundo.- A tal efecto, Deputación e Concello asinaron o 2/01/2021 un protocolo de colaboración, desenvolvido polo respectivo convenio en fase de aprobación, que verbaliza os compromisos e as liñas de colaboración das partes asinantes encamiñadas a impulsar, establecer e contribuír, conxuntamente, á mellora e racionalización do equipamento museístico da cidade de Pontevedra, en virtude do cal, e de xeito resumido, o Concello de Pontevedra comprométese a ceder á Deputación de Pontevedra mediante convenio o uso dos treitos do subsolo das rúas Sarmiento (30 m2), Pasantería (225 m2) e García Flórez (100 m2) e a Deputación comprométese a por en marcha o proxecto de rehabilitación e a acometida das obras de execución.

Terceiro.- Asemade, e con respecto ao convento de santa Clara, asinouse outro protocolo de data 14/01/2022 no que se recolle o compromiso, asumido pola Deputación de Pontevedra, de levar a cabo todos os estudos e traballos previos para a súa posible incorporación ao Museo e, de ser o caso, poñer en marcha o procedemento de adxudicación do oportuno proxecto de rehabilitación.

Cuarto.- Neste contexto, e coa finalidade de asumir todas as previsións referidas, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra comprometéronse a realizar todas as xestións con outras administración e entidades para acadar a colaboración económica que minorase a carga orzamentaria que se poida derivar. Ao mesmo tempo, o orzamento da Deputación, coa fin de non demorar os prazos previstos, consignará as cantidades necesarias para levar a cabo tanto a licitación das obras dos edificios centrais como os estudos previos e posible adxudicación do proxecto do convento Santa Clara.

Quinto.- Por todo elo, e con motivo do expediente de modificación de crédito que se está a tramitar, propónse a incorporación das cantidades sinaladas conforme o seguinte detalle:



Firmado por: JOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO - ***1761**
Cargo: Vicepresidente
Data: 14/02/2022 10:35

Aplicacións que incrementan crédito:

<u>Aplicación</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
22/333.3330.632.03	Melloras en construcións	1.000.000,00
	IMPORTE TOTAL.....	1.000.000,00

A xefatura de xestión do Museo.

Firmado por: SONIA MATEOS ESCUDERO - ***1903**
Cargo: Xefa do servizo do Museo
Data: 14/02/2022 09:53



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Para poder executar toda a programación prevista para o ano 2022: exposicións, obradoiros, actuacións, patrocinios, actividades en datas sinaladas como Día de Rosalía, Día das Letras Galegas, Apalpador, etc. é preciso dotar de consignación económica a aplicación: 221/334.3340.227.99 –traballos realizados outras empresas- que deberá ser incrementada na cantidade de 50.000,00 € con cargo aos remanentes do ano 2021.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe



EXPEDIENTE	2022006319
ASUNTO	INFORME-PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
DESTINATARIO	INTERVENCIÓN

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos que non poden demorarse ata o seguinte exercicio orzamentario, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario realizar suplementos de crédito nas aplicacións orzamentarias do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que se detallan.

- **CAPÍTULO 6:**

- Aplicación **22/456.4530.612.01** para seguranza viaria, mellora de sinalización: **3.500.000,00 €.**
- Aplicación **22/456.4530.612.02** para investimentos, convenios en estradas: **10.600.000,00 €.**

Con todo elo, as partidas orzamentarias quedarían:

Partida	Inicial	Suplemento de crédito	Total Novo
22/456.4530.612.01	5.200.000,00	3.500.000,00	8.700.000,00
22/456.4530.612.02	1.000.000,00	10.600.000,00	11.600.000,00

Todo o cal se solicita que sexa tramitado.

Documento datado e asinado dixitalmente á marxe



EXPEDIENTE	2022006319
ASUNTO	INFORME-PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DO SERVIZO DE MOBILIDADE E ESPAZOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
DESTINATARIO	INTERVENCIÓN

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos que non poden demorarse ata o seguinte exercicio orzamentario, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario realizar suplementos de crédito nas aplicacións orzamentarias do Servizo de Mobilidade e Espazos Público que se detallan.

- **CAPÍTULO 2:**

- Aplicación **22/456.9420.227.06** para estudos e traballos técnicos en Mobilidade: **150.000,00 €**

- **CAPÍTULO 4:**

- Aplicación **22/456.9420.489.10** a familias e institucións sen fins de lucro, actividades en mobilidade: **50.000,00 €** (incremento de subvención nominativa á Rede de Cidades que Camiñan para a Rede Ágora).

- **CAPÍTULO 7:**

- Aplicación **22/456.9420.762.10** a concellos programas de mobilidade local: **1.000.000,00 €**.

Con todo elo, as partidas orzamentarias quedarían:

Partida	Inicial	Suplemento de crédito	Total Novo
22/456.9420.227.06	80.000,00	150.000,00	230.000,00
22/456.9420.489.10	100.000,00	50.000,00	150.000,00
22/456.9420.762.10	1.000.000,00	1.000.000,00	2.000.000,00

Todo o cal se solicita que sexa tramitado.

Documento datado e asinado dixitalmente á marxe



INFORME SOLICITUDE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Ana Vicente Rivas, xefa de servizo de Patrimonio documental e bibliográfico,

INFORMO

O pasado ano 2021 déronse varias circunstancias que prexudicaron a actividade prevista para levar a cabo ao longo do ano co orzamento previsto para elas. Ditas circunstancias, relacionadas coa necesidade de persoal, atinxen especialmente a dúas seccións do servizo: Editorial e Memoria histórica. E ambas con repercusión na execución do orzamento.

1. A Editorial viuse afectada pola falta de persoal especializado en Lingua para poder desenvolver os traballos de tradución e corrección lingüística que esixen as publicacións que se editan desde o Servizo, o cal motivou que algunhas publicacións previstas para rematar en 2021 estean na fase de preedición e se sumen ás previstas para este ano 2022.
2. A intensa actividade en materia de Memoria histórica que se prevía desenvolver a través do departamento recentemente creado viu retrasada así mesmo a súa realización porque o persoal do que este se dotou non se puido contratar ata mediados de ano. Este feito provocou que malia aos esforzos de dito persoal algunhas das actividades que se contemplaban inicialmente no presuposto non puidesen ser finalmente levadas a termo.

Desta maneira, as partidas orzamentarias de 2021 deste servizo vinculadas a estas actividades presentan remanente de crédito, polos motivos expostos. Sen embargo, dada a necesidade de non desbotar ditas actividades previstas en 2021 e engadilas ás deste ano 2022, é polo que

SOLICITO

Que se implemente a seguinte cantidade na partida descrita a continuación:

Cantidade: 50.000€:

Partida: 22/332.3322.226.10 GASTOS DIVERSOS. MEMORIA HISTÓRICA. PROXECTO O PASADO POR VIR.

(Asdo. electrónicamente)



Asunto: SUPLEMENTO DE CREDITO

Manuel Corujo Castro, como xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, informo,

Que esta institución provincial ten posto en marcha, a través deste servizo, unha serie de iniciativas que contribúen a fomentar e mellorar a empregabilidade do emprego e a formación dos desempregados de cara a súa futura integración laboral, así como, de xeito indirecto, no desenvolvemento económico da nosa provincia:

1.- Un dos obxectivos desta Deputación de Pontevedra, na súa estratexia de transformación a través da formación laboral é a creación de ferramentas que permitan melloralas; así como ampliar a oferta formativa acorde ás novas necesidades laborais, especialmente en actividades emerxentes.

É por iso que este Servizo de Promoción de Emprego pretende desenvolver un programa denominado "impulso da Teleformación na Deputación" destinado á mellora integral do acceso á formación para o emprego a través dunha oferta dixital útil para ás persoas, eficaz para o mercado e de calidade para a sociedade mediante a posta en marcha de diferentes proxectos, entre os que destaca o impulso á teleformación.

Ese impulso iniciase ca mellora da funcionalidade da plataforma de teleformación (gamificación, ferramentas para mellora do seguimento e a motivación do alumnado, ...). Polo que será necesario a contratación dunha empresa de asesoramento, solucións e desenvolvemento de recursos tecnolóxicos. Importe necesario a suplementar, para o seu correcto desenvolvemento.

Outra iniciativa que se pretende realizar é o Incremento da oferta formativa para a adaptación e reactivación do tecido empresarial ante a nova normalidade provocada pola crisis sanitaria da Covid-19. Importe necesario a suplementar, para o seu correcto desenvolvemento.

En resposta á crise sen precedentes causada polo coronavirus, o Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa Next Generation EU, como o maior instrumento de estímulo económico xamais financiado pola Unión Europea. Ten como obxectivo responder de xeito conxunto e coordinado a unha das peores crises sociais e económicas da nosa historia e contribuir a reparar os danos causados pola pandemia. O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron un acordo sobre o paquete que inclúe os fondos Next Generation EU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.

Esta Deputación elaborou una planificación estratéxica que ten, entre outros, o obxectivo a reactivación eficaz da promoción económica da provincian e para acadalos se precisa as asistencias técnicas que colaboren na planificación de proxectos a presentar convocatorias de axudas que de xeito inminente vaian saíndo.

Dado que toda planificación eficaz e eficiente necesita da existencia de estruturas que as desenvolvan, así como dos recursos suficientes para o seu funcionamento, resulta necesario o incremento orzamentario para a realización destas principais actividades establecéndose unha estimación inicial **por importe Deputación Provincial de Pontevedra 55.200€** e estruturado do seguinte xeito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/240.2410.221.15	suministro material técnico especial	11.000€
22/240.410.226.99	GASTOS DIVERSOS.- OUTROS	11.000€
22/240.2410.227.06	Estudios y Trabajos técnicos de Promoc. De Empleo	33.200€
	IMPORTE TOTAL A SUPLEMENTAR	55.200€



Firmado por: RAQUEL GIRALDEZ ARMAS - ***0762**
Cargo: Deputada delegada
Data: 14/02/2022 21:16

ÁREA DE INTERVENCIÓN

Firmado por: MANUEL CORUJO CASTRO - ***9973**
Cargo: Xefe do servizo de Promoción de Emprego
Data: 14/02/2022 14:46



AS/sg

Vistas as necesidades para poder facer fronte as distintas obrigas que teñen os clubs/entidades deportivas da nosa provincia e afrontar os gastos da súa participación nas ligas e competición oficiais nesta temporada 2021/2022, así como para o desenvolvemento e fomento da práctica física e deportiva nas diferentes modalidades, faise necesaria a suplementación nas seguintes aplicación orzamentarias:

1. SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

- Aplicación: 22/340.3410.489.04
- Importe a suplementar: 50.000,00 €

2. SUBVENCIONES PARA IMPULSAR A FORMACIÓN DE MULLERES EN POSTOS TÉCNICAS/ADESTRADORAS NO ÁMBITO DEPORTIVO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA:

- Aplicación: 22/340.3410.489.06
- Importe a suplementar: 25.000,00 €

3. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS (TURISMO DEPORTIVO FITUR):

- Aplicación: 22/340.3410.227.06
- Importe a suplementar: 20.000,00 €

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.



ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

ESCOLA CANTERÍA

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos que non poden demorarse ata o seguinte exercicio orzamentario, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario realizar suplementos de crédito nas aplicacións orzamentarias que se detallan na seguinte táboa cos importes que se indican:

TIPO	MODIF.	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
SUP		324.3243.213.00	REPARACIÓN MAQUINARIA, INSTALACIÓN (Revisión y reparación de filtro)	20.000,00 €
		324.3243.632.02	MELLORAS CONSTRUCCIÓN (ventilación nave taller, cubierta)	25.000,00 €
			Total suplemento de créditos...	45.000,00 €

En consecuencia, propoño a realización da modificación de crédito descrita, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, solicítolle que emita informe e se lle dea trámite, no seu caso, a esta proposta.

A XEFA DO SERVIZO,

Asinado dixitalmente na data que figura a marxe

INTERVENCIÓN



ASUNTO: INFORME-PROPOSTA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

MEDIO AMBIENTE

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos que non poden demorarse ata o seguinte exercicio orzamentario, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario realizar suplementos de crédito nas aplicacións orzamentarias que se detallan na seguinte táboa cos importes que se indican:

TIPO	MODIF.	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
SUP		410.4190.632.01	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN S , MELLORAS (Cuberta do edificio de aperos- Soutomaio r)	50.000,00 €
		410.1720.209.00	CÁNONES MEDIO AMBIENTE (Adhesión a novas redes)	3.000,00 €
		410.4120.221.13	MANUTENCIÓN DE ANIMÁIS (GANDERÍA MOURISCAD E)	30.000,00 €
		410.4120.623.01	MAQUINARIA, INSTALACIÓN S E UTILLAXE (Adquisición de analizadores de fibras y grasas)	45.000,00 €
		410.4120.221.15	MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL (embrión s)	20.000,00 €
			Total suplemento de créditos...	148.000,00 €

En consecuencia, propono a realización da modificación de crédito descrita, e en virtude do disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e seguindo os criterios establecidos nos artigos 177 e 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, solicítolle que emita informe e se lle dea trámite, no seu caso, a esta proposta.

A XEFA DO SERVIZO,

Asinado dixitalmente na data que figura a marxe

INTERVENCIÓN



INFORME PROPOSTA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/22

Vistos os créditos orzamentarios actuais asignados ao ORAL e, en atención ás novas necesidades que non poden demorarse para o exercicio seguinte, e tendo en conta os gastos específicos e determinados que se detallan a continuación e atendendo aos compromisos xa comprometidos nas aplicacións relacionadas coa súa imputación, a Directora de Servizos do ORAL, de conformidade coas competencias asignadas na Disposición Adicional V das Bases de Execución do Orzamento, formula a seguinte proposta de asignación de suplemento de crédito:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Aplicación: 22.932.9320.62203

Concepto: ADQUISICIÓN – MELLORAS EDIFICIO

Importe: 40.000 euros

Necesidades específicas:

- **Oficina de Caldas de Reis:** Retirada de mostradores e colocación dun posto de traballo no seu lugar. Ampliación da oficina coa eliminación do arquivo. Pintado. Cambio de iluminación. Cambio de mobiliario.
- **Oficina de A Estrada:** Pintar oficina. Cambiar as portas de entrada para mellora de illamento. Cambiar iluminación. Cambio de mobiliario.
- **Oficina de Lalín:** Sistema de ventilación para los aseos.
- **Pontevedra. Diversas instalacións:** Adecuación do chan e pintado. Adecuación de aseos no servizo de recadación.

Aplicación: 22.932.9320.63201

Concepto: EDIFICIOS – OUTRAS CONSTRUCCIÓN

Importe: 30.000 euros.

Necesidades específicas:

- Complemento da obra de reforma no ORAL Pontevedra en fase de inicio de licitación (excesos de medición)

Ao mesmo tempo, e como consecuencia de expedientes de gasto ordinario que se atopan xa licitados, é preciso o incremento das seguintes aplicacións:



Aplicación: 932.93200.22706.

Concepto: ESTUDOS TRABALLOS TÉCNICOS.

Necesidades específicas: Contratación servizo de asistencia técnica para a elaboración de o inventario e mapa de liñas para a posible implantación de taxas para utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local cas instalacións de transporte de enerxía

Importe: 83.000 euros

Aplicación: 22.932.9320.22762

Concepto: NOVA TRIBUTACIÓN LOCAL:

Necesidades específicas: Contratación de servizo de asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos Concellos

Importe: 45.000 euros

TOTAL A INCREMENTAR POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 198.000 EUROS

Asinado electrónicamente ao marxe



EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 01/2022

Durante o ano 2022 está previsto promocionar e aproveitar as sinerxías asociadas á co-compostaxe da fracción orgánica dos residuos municipais (FORM) cos residuos agro-gandeiros, silvícolas e vitivinícolas, cunha liña de subvencións destinada á financiar a construción/adaptación das instalacións adecuadas para iso, incluíndo tanto a obra civil como a maquinaria, etc... coa finalidade de utilizar en orixe o compost resultante.

Por todo o anterior, ao abeiro do establecido nos artigos 179, 180 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de facer fronte aos citados gastos, propónse a tramitación do seguinte expediente de suplemento de crédito:

Aplicación a suplementar	Denominación	Importe
923.1623.479.01	AXUDAS AGROCOMPOSTAXE/CONVENIOS SECTOR PRIMARIO, TRATAMENTO E XESTIÓN DE RESIDUOS (15_COMP)	800.000,00€
	Total	800.000,00 €

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal

Gabriel Rodríguez Alonso

Conforme

O Vicepresidente

César Mosquera Lorenzo.

INTERVENCIÓN



LMA/aa

**ASUNTO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO A REMANENTE LIQUIDO DE
TESORERIA DO SERVIZO DE IGUALDADE**

Segundo o *artigo 9.2 da Constitución española*, que recolle que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, e de conformidade coa *Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade de xénero para todo o Estado español e; a *Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia machista.

O compromiso coa efectividade do dereito constitucional a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a integración do principio de igualdade de trato no conxunto das políticas económica, laboral, social, cultural e artística, con fin de erradicar as fendas de xénero existentes, e o fomento de instrumentos de colaboración entre administracións públicas, axentes sociais, asociacións de mulleres e outras entidades privadas, son entre outros os criterios xerais de actuación dos poderes públicos para dar cumprimento e alcanzar a igualdade efectiva, tal e como recolle o *artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*.

As políticas públicas de igualdade efectivas deben partir da análise da realidade dende a perspectiva de xénero e dar respostas as necesidades existentes para acadar a consecución da igualdade real, establecendo novos compromisos, poñendo en marcha novas formas de intervenir dando resposta as demandas, e empregando novas ferramentas que se adapten a realidade social actual.



Tendo en conta o punto de partida, a loita contra As diferentes formas de violencia que se exerce sobre as mulleres, a fenda dixital de xénero, a precariedade das mulleres no mercado laboral, e a visibilización do seu legado ao longa da historia deben ser sen dúbida, aspectos centrais a intervir dende as políticas de igualdade.

Ademais, segundo o artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, establécese como competencia propia das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, co fin de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

Polo anterior e, ante o interese da Deputación de Pontevedra quérese apoiar e levar a cabo unha serie de programas e iniciativas:

- **PROXECTO EXPOSITIVO “ENTRE MULLERES” O RESCATE DO ANONIMATO. SILENCIO , MARXINACIÓN E SOLIDARIEDADE.** Esta exposición ten por obxecto amosar o traballo dunha muller historiadora da arte de Pontevedra, que dedicou parte da súa vida a investigación de mulleres represaliadas durante a guerra civil española e o primeiro franquismo. A exposición fundaméntase sobre tres planos, a vida de Dolores Martínez (afectada pola polio o que a obriga a pasar toda a súa vida ligada a unha cadeira de rodas), a análise da situación das marxinação das mulleres como colectivo durante a primeira metade do século XX, e o traballo de rescate do anonimato de 35 mulleres que foron asasinadas, encarceradas ou desterradas pola súa condición de mulleres, das súas ideas de esquerdas ou, a veces, simplemente pola denuncia dalgún desalmado.
- **PROXECTO : CURSOS HABILIDADES DIXITAIS PARA AS MULLERES DO MAR.** Seguindo as liñas estratéxicas levadas a cabo dende o Servizo de Igualdade na posta en valor do papel das mulleres no mundo do mar, considérase de especial interese o apoio **o proxecto: Cursos habilidades dixitais para as mulleres do mar**, grazas o cal, mediante a posta en marcha actividades de formación destinadas a mulleres profesionais deste sector e responsables de entidades, que axuden a diminuír a fenda dixital de xénero, así como mellorar a súa empregabilidade .



- **II Edición PREMIOS #MULLERESNOFOCO**, promovidos pola Deputación de Pontevedra, en colaboración con CIMA, en 2022. O obxectivo destes premios é poñer en valor o traballo da muller no audiovisual galego, dado que a muller sofre maior invisibilidade e menor presenza no audiovisual, especialmente na dirección, tal e como mostra ano a ano o INFORME CIMA, con esta convocatoria propóñense 3 premios que recoñezan o papel da muller, visibilizando o “cargo” na denominación do premio:
Os premios disporán dunha convocatoria aberta para a recepción de candidaturas e da selección por parte dun xurado conformado por profesionais do sector, alén da representación da Deputación de Pontevedra e da asociación CIMA.
Se distinguirán perfís con perspectiva de xénero, activistas polo recoñecemento da muller no sector, impulsoras do emprego feminino no audiovisual galego, obviamente alén da súa traxectoria persoal e o seu talento. Nesta edición, dada a relevancia dos premios, quérese incrementar a contía do recoñecemento, polo que cada premio contará con cadansúa dotación económica de 5.000€.
- **PROGRAMA CIENCIA DE IDA E VOLTA**, a Deputación de Pontevedra, dende o Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra ten como obxectivo a consecución da igualdade real e efectiva para as mulleres e os homes en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social da provincia. Entre as súas funcións interinstitucionais e de ámbito provincial destaca a colaboración coa Universidade de Vigo e outras institucións do ámbito da produción de coñecemento.
Con este programa, promovido pola Universidade de Vigo, consistente nun Plan Anual de Actividades da Unidade de Cultura Científica e da Innovación, tratase de levar a cabo varias actividades divulgativas, entre as que cabe sinalar entre outras, formación para persoal investigador, exposicións, unha Feira científica “A ciencia que vén ten nome de muller”,... actividades que redundarán no incremento, visibilización e a incorporación e participación das mulleres no mundo das ciencias e das TIC.



Aprobado definitivamente o orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2022, estímase necesario ampliar o crédito dispoñible nas seguintes aplicacións e có importe que se detalla a continuación:

- 22/250.2315.227.07. **TRABALLOS R. POR OUTRAS EMPRESAS, PROXECTOS PROMOCIÓN DA IGUALDADE:** Proxecto Entre Mulleres. O rescate do anonimato. Silencio, marxinación e solidariedade por un importe de **150.000 €**
- 22/250.2315.480.03. **PREMIOS #MULLERESNOFOCO: 6.000,00€**
- **22/250.2315.453.94 CONVENIOS UNIVERSIDADES: 15.000 €**

CIF	Entidade	Importe	Finalidade
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	15.000€	PROGRAMA CIENCIA DE IDA E VOLTA

- 22/250.2315.480.01. **ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: 10.500 €**

CIF	Entidade	Importe	Finalidade
G70518972	MULLERES SALGADAS	10.500€	PROXECTO : CURSOS HABILIDADES DIXITAIS PARA AS MULLERES DO MAR

En consecuencia, **SOLICÍTASE**, o suplemento de crédito por lo importe citado, para así poder levar a cabo durante o exercicio 2022 todas as actividades previstas dirixidas á cidadanía e concellos da Provincia de Pontevedra.

O que traslado aos efectos oportunos.

Datado e asinado dixitalmente a marxe.

INTERVENCIÓN.(Xefe do servizo de Presupostos, Plans e Urbanismo)

